

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE ESTADÍSTICA, ANÁLISE MATEMÁTICA E OPTIMIZACIÓN

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1: Lexislación

O Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización (en adiante, o Departamento) rexerese polo presente Regulamento no marco do sinalado na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, pola Lei 6/2013, de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia, polo disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a demais normativa xeral que lle sexa da aplicación.

ARTIGO 2: Definición e denominación

O Departamento é a unidade básica encargada de programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación nos ámbitos do coñecemento en Análise Matemática e Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela.

ARTIGO 3: Adscrición e sede

1. O Departamento estará adscrito á Facultade de Matemáticas.
2. A sede do Departamento fixarase na Facultade de Matemáticas.

ARTIGO 4: Lingua

A lingua galega é a lingua propia da USC. O Departamento promoverá accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

ARTIGO 5: Igualdade de xénero

O Departamento asume como principio inspirador de todas as súas actuacións a igualdade de tratamento e oportunidades entre mulleres e homes de conformidade co Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aprobado polo consello de goberno da USC.

TÍTULO I **ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO**

ARTIGO 6: Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello do Departamento.
- b) O director ou directora.
- c) O secretario ou secretaria

ARTIGO 7: Funcións

De conformidade co artigo 49 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela son funcións do Departamento:

- a) A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - As ensinanzas asignadas ao ámbito de coñecemento da súas competencias, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios dos plans de estudos, cos criterios xerais emanados da universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que se imparte docencia.
 - Os estudos de doutoramento adscritos ao departamento
 - Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento.
- d) A formación do persoal docente e investigador da universidade.
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
- f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TÍTULO II **DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO**

CAPÍTULO I: **DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO**

ARTIGO 8: O Consello de Departamento

O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

ARTIGO 9: Composición do Consello

1. O Consello de Departamento, presidido polo seu director ou directora e no que actuará como

2

*Regulamento de Réxime Interno do Departamento
de Estatística, Análise Matemática e Optimización*

secretario ou secretaria do Departamento, estará composto por:

- a) O profesorado doutor do Departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total dos membros.
- c) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do Departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantado de grao e máster e o 15% ao estudantado de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Cando a natureza dos asuntos o requira, o director ou directora do departamento, por propia iniciativa ou a instancia dun terzo dos membros do consello, poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria con voz pero sen voto.

3. As eleccións a membros do Consello de Departamento faranse conforme ao disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co Departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

5 A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan a dita asistencia.

ARTIGO 10: Competencias do Consello de Departamento

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do director ou directora e, de ser o caso, a proposta ao reitor ou reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49 dos Estatutos da USC.
- c) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49.(b) dos Estatutos da USC.
- d) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.

- e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo departamento.
- f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.
- l) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.
- m) Calquera outra competencia que lle atribúan estes Estatutos ou a lexislación vixente.

ARTIGO 11: Funcionamento

O Consello do Departamento actuará en Pleno ou en Comisión Permanente.

ARTIGO 12: Convocatorias e sesións

1. O Consello de Departamento reunirse por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.
2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada pola secretaria ou secretario, por orde do director ou directora ou por quen legalmente faga súas funcións, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de dous días. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirse por correo electrónico ao enderezo institucional dos seus membros.
3. Ás convocatorias ordinarias do Consello de Departamento deberán conter: lugar da reunión, data, hora, en primeira e segunda convocatoria, e orde do día. A orde do día será elaborada polo director ou directora do Departamento, asistido polo secretario ou secretaria. Deberán incluírse aqueles asuntos que solicite un 33% dos membros do Consello na primeira reunión ordinaria do órgano que se convoque trala solicitude.
4. O Consello do Departamento reunirse de modo extraordinario convocado polo director ou directora por propia iniciativa cando a importancia ou a urxencia dos asuntos a tratar así o requira notificándose aos membros cunha antelación mínima de dous días. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.
5. Axuntárase as convocatorias toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou se indicará o lugar onde estará depositada para a súa consulta polos membros do Consello.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na

orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

7. As reunións do órgano poderán celebrarse por videoconferencia.

ARTIGO 13: Réxime de adopción de acordos

1. O Consello presidirao o director ou directora ou quen legalmente o substitúa.

2. Para a válida constitución do Consello, será necesaria en primeira convocatoria a asistencia persoal da metade máis un dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria sempre que estean presentes polo menos un terzo dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do director ou directora e do secretario ou secretaria ou de quen legalmente os substitúan.

3. As sesións do Consello deberán realizarse preferentemente de xeito continuado ate esgotar a orde do día, agás que iniciada na xornada de mañá debe interromperse para a súa continuación na mesma xornada de tarde.

4. As sesións ordinarias do Consello iniciaranse coa lectura polo secretario ou secretaria e a aprobación ou modificación da acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das actas das sesións extraordinarias celebradas dende a última sesión ordinaria do Consello. Seguidamente, se pasará ao exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

5. Corresponderá ao director ou directora establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde pechada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, polo menos, un dereito de replica por alusións.

6. Os acordos poderán adoptarse por:

6.1. Asentimento: cando realizada unha proposta polo director ou directora esta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.

6.2. Por votación ordinaria a man alzada ou secreta; será secreta cando se trate da avaliación de persoas concretas ou a solicitude dalgún dos seus membros asistentes. Para a votación secreta dos membros asistentes por videoconferencia artellaranse procedementos adecuados que garantan o secreto da votación. O secretario ou secretaria fará o reconto e de seguido o director ou directora fará público o resultado.

7. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do Consello.

8. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

9. Para ser válida adopción de acordos do Consello deberán acadar cando menos a metade mais un dos votos dos membros presentes, agás aqueles acordos para os que a normativa específica esixa outras maiorías.

10. Nas votacións nas que se produza empate o director ou directora poderá exercer o voto de

calidade ou aprazar o tema de que se trate.

11. Os acordos do consello de departamento serán susceptibles de ser impugnados en alzada ante o Consello de Goberno da Universidade.

ARTIGO 14: Actas do Consello

1. De cada sesión que celebre o Consello do Departamento levantárase acta polo secretario ou secretaria, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustificuen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que á aporte no acto, ou no prazo que sinala o director ou directora, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

2. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de dous días, que se incorporará ao texto aprobado.

3. A acta de cada sesión poderá aprobarse na mesma sesión ou na inmediata seguinte ordinaria. Para a aprobación da acta dunha sesión anterior, nos consellos ordinarios, achegarase o borrador da mesma, xunto coa convocatoria, aos seus membros. A aprobación da acta farase tras dar a oportunidade aos membros do consello presentes de manifestaren as súas observacións á mesma e, no seu caso, de presentar as alegacións que estimen. No caso en que non fose posible facilitar o borrador da acta con antelación, deberá darse lectura íntegra á mesma para a súa aprobación.

4. As actas serán encadernadas consonte coas instrucións dadas ao respecto pola Secretaría Xeral da USC.

ARTIGO 15: Comisión Permanente

1. O Departamento terá unha Comisión Permanente que estará constituída por:

- a) O director ou directora do Departamento, que a presidirá e convocará.
- b) O secretario ou secretaria do Departamento, que o será tamén da Comisión Permanente.
- c) Un representante (profesorado doutor do Departamento) de cada una das áreas de coñecemento que integran o departamento, a proposta destes
- d) Un representante do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación
- e) Un representante do estudantado elixido por e de entre os membros deste sector no Consello do Departamento.

5. Competencias

- Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- Asesorar ao director ou directora do Departamento en tódalas cuestións que este lle someta no exercicio das súas competencias.
- Coñecer e adoptar acordos sobre calquera asunto que, sendo competencia do Consello do Departamento, lle fora delegado por este órgano. En canto o Consello de Departamento non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as seguintes, que non poderán ser obxecto de delegación:
 - a) A elección de director ou directora e, de ser o caso, a proposta ao Reitor ou Reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
 - b) A aprobación do POD. Xa que logo, enténdese delegada na Comisión Permanente a aprobación das sucesivas modificacións de dito plan que traían causa de circunstancias sobrevidas ao longo do curso académico
 - c) A formulación das peticións de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do doutoramento, e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
 - d) A aprobación das cantas anuais e do orzamento do Departamento, así como a distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.
 - e) A modificación do Regulamento de Réxime Interno.
 - f) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de carpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte á lexislación vixente.

3. Réxime de funcionamento

- a) A elección de membros da Comisión Permanente terá lugar en sesión de Consello de Departamento. Os membros de cada área elixirán aos seus representantes, o resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación e o alumnado elixirá ao seu
- b) A Comisión Permanente será renovada cada vez que haxa eleccións a Director/a,

excepto o estudantado que será renovado cada vez que haxa eleccións a representantes de alumnado nos Consellos de Departamento.

- c) Os membros da Comisión Pennante cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do Consello de Departamento e, tanto se dimiten como se cesan, procederase á nomear ao substituto no prazo de tempo máis breve
- d) A Comisión Permanente reunirse sempre que o director ou a directora o considere necesario ou a pedimento dun terzo dos membros da mesma.
- e) A Comisión Permanente constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade dos seus membros e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois aínda que non se indique expresamente na convocatoria, coa presenza de polo menos un terzo dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do/a Director/a e do/a Secretario/a, ou, no seu caso, dos membros do Consello de Departamento que os substitúan.

CAPÍTULO II **O DIRECTOR ou DIRECTORA**

ARTIGO 16: O director ou directora

1. O director ou directora representa ao Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. A dirección do departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor con vinculación permanente á universidade.
3. De non se poder levar a cabo o nomeamento do director ou directora do departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor ou reitora, encargaralle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do departamento ou, no seu defecto, doutro departamento, que teña o título de doutor e vinculación permanente á Universidade de Santiago. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.
4. O director ou directora do departamento será elixido polo Consello de Departamento, consonte de acordo co Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e nomearao o reitor ou reitora.
5. O cargo de director ou directora do Departamento desempeñarase durante catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
6. O director ou directora do departamento cesará o remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva a petición, como mínimo, dun terzo

dos membros do Consello do Departamento e aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello. A presentación da moción incorporará un candidato ou candidata alternativo. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.

7. En caso de ausencia ou enfermidade, o director ou directora será substituído, con carácter accidental, polo membro do Departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC.

ARTIGO 17: Competencias da dirección do Departamento

1. Son competencias da dirección do Departamento:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello de Departamento.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao reitor ou reitora do nomeamento de secretario ou secretaria do Departamento.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

CAPÍTULO III **O SECRETARIO OU SECRETARIA**

ARTIGO 18: O secretario ou a secretaria

1. O secretario ou a secretaria do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o director ou directora ou lle encomende a lexislación ou estes estatutos.

2. O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor ou reitora, tras a proposta do director ou directora, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento con dedicación a tempo completo.

3. O secretario ou secretaria cesará por decisión do reitor ou reitora, logo de proposta do director ou directora do Departamento ou a petición propia.

TÍTULO III **DA DOCENCIA**

ARTIGO 19: Da docencia

O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudo que os centros lles encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 dos estatutos da USC.

O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:

- a) Fixar o programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.
- b) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.
- c) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia.
- d) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
- e) Resolver calquera outra cuestión que esixa a normativa da USC ao respecto.

A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.

O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora continua da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros.

TÍTULO IV **DA INVESTIGACIÓN**

ARTIGO 20: Da investigación

1. O Departamento asume como un de seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.

2. A investigación é un deber e un dereito do persoal docente e investigador, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.

3. O Departamento fomentará a constitución ou integración en grupos e redes de investigación nos que participen os seus investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros se acomodarán a normativa que a tal efecto aprobe o Consello de Goberno da USC

4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título persoal do persoal docente e investigador adscrito do mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización.

5. O Departamento, a nivel institucional, e seu persoal docente e investigador, poderá promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.

6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros no Departamento para o que os seus profesores deberán remitir anualmente a información precisa.

TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 21: Do orzamento

Cofñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o director ou directora elaborará e presentará ao consello de Departamento para súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

ARTIGO 22: Da memoria anual

Finalizado o exercicio económico anual a dirección renderá conta ao Consello do Departamento da execución do orzamento coa presentación dunha memoria económica.

TÍTULO VI DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 23: Da iniciativa

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser subscripta por, polo menos, un terzo dos membros do Consello do Departamento e deberá ser dirixida á dirección do mesmo mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, polo menos, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propugna.

ARTIGO 24: Procedemento de Reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de Reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

2. O proxecto de Reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

ARTIGO 25: Aprobación da Reforma do Regulamento.

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese a maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

2. Se o proxecto de Reforma do Regulamento é aprobado polo Consello de Departamento, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.-Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

SEGUNDA.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na Lexislación xeral Universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados os antigos RRI do Departamento de Análise Matemática e do Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Formará parte do consello do departamento o persoal dos corpos docentes universitarios e o profesorado colaborador sen título de doutor, consonte ao establecido na disposición transitoria primeira dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de Goberno da USC.